

Carta de Venecia-Xardíns Históricos

ICOMOS (*Consello Internacional de Monumentos e Sitios*)

Preámbulo

Reunido en Florencia o 21 de Maio de 1981, o Comité Internacional de Xardíns Históricos ICOMOS-IFLA decidiu elaborar unha carta relativa á salvagarda dos xardíns históricos que levará o nome desta cidade. Esta Carta foi redactada polo Comité e adoptada o 15 de Decembro de 1982 polo ICOMOS con vistas a completar a Carta de Venecia nesta materia específica.

Definición e obxectivos

Artigo 1. “Un xardín histórico é unha composición arquitectónica e vexetal que, dende o punto de vista da historia ou da arte, ten un interese público”. Como tal, está considerado como un monumento.

Artigo 2. “O xardín histórico é unha composición de arquitectura cuxo material é esencialmente vexetal e, polo tanto, vivo, perecedeiro e renovable”.

Seu aspecto é, pois, o resultado dun perpetuo equilibrio entre o movemento cíclico das estacións, o desenvol-

vemento e o deterioro da natureza, e da vontade artística e de artificio que tende a perpetuar seu estado.

Artigo 3. Dado que é un monumento, o xardín histórico debe estar protexido según o espírito da Carta de Venecia. No obstante, en tanto en canto se trata dun monumento vivo, a súa protección atense as regras específicas, que son obxecto da presente Carta.

Artigo 4. Determinan a composición arquitectónica dun xardín histórico:

- seu trazado e os diferentes perfis do terreo.
- suas masas vexetais: especies, volumes, xogo de cores, distancias, alturas respectivas.
- seus elementos constructivos ou decorativos.
- as augas en movemento ou en reposo, reflexo do ceo.

Artigo 5. Expresión de lazos estreitos entre a civilización e a natureza, lugar de deleite, propicio á meditación ou ao ensono, o xardín adquire o sentido cósmico dunha imaxe idealizada do mundo, un “paraíso” no senso etimo-

lórico do termo, pero que dá testemuña dunha cultura, dun estilo, dunha época e, en ocasións, da orixinalidade dun creador artístico.

Artigo 6. A denominación de xardín histórico aplícase o mesmo a xardíns modestos que a grandes parques de composición formalista ou de natureza paisaxista.

Artigo 7. Esté ou non unido a un edificio, do cal forme un complemento inseparable, o xardín histórico non pode desligarse do seu propio contorno urbán ou rural, artificial ou natural.

Artigo 8. Un sitio histórico é unha paisaxe definida, evocadora dun acontecemento memorable: o emplazamiento dun suceso importante da historia, orixe dun mito ilustre ou dun combate épico, motivo dun cadro célebre...

Artigo 9. A protección dos xardíns históricos esixe que estean identificados e inventariados. Precisa intervencións diferentes, a saber: de mantemento, de conservación e de restauración. En certos casos, é recomendable a recuperación. A autenticidade dun xardín histórico é tanto unha cuestión de deseño e proporción das súas partes como da súa composición ornamental, ou da elección dos vexetais e materiais inorgánicos que o constitúen.

Mantemento, conservación, restauración, recuperación

Artigo 10. Toda operación de mantemento, conservación, restauración ou recuperación dun xardín histórico, ou dunha das súas partes, debe ter en conta simultaneamente todos os seus elementos. Separar os tratamentos podería alterar a unidade do conxunto.

Mantemento e conservación

Artigo 11. O mantemento dos xardíns históricos é unha operación de importancia primordial que debe ser continua. Sendo vexetal a súa material principal, a conservación do xardín no seu estado habitual require tanto reposicións concretas, que sexan necesarias, como un programa a longo prazo de renovacións periódicas (erradicación completa seguida de replantacións con exemplares suficientemente formados).

Artigo 12. A elección das especies de árbores, arbustos, plantas e flores que deben replantarse periódicamente ha de facerse tendo en conta os usos establecidos e aceptados en cada zona botánica e hortícola, co obxectivo de identificar as especies orixinais e preservalas.

Artigo 13. Os elementos de arquitectura, escultura e decoración, fixos ou mo-

vis, que son parte integrante do xardín histórico non deben ser retirados ou desplazados máis que na medida que o esixa a súa conservación ou restauración. A substitución ou restauración de elementos en perigo ten que facerse según os principios da Carta de Venecia, e debe indicarse a data de toda substitución.

Artigo 14. O xardín histórico debe ser conservado nun contorno axeitado. Toda modificación do medio físico que ponga en perigo o equilibrio ecolóxico debe ser proscrita. Estas regras refírense ao conxunto da infraestrutura, tanto externa como interna (canalización, sistemas de rego, camiños, aparcadoiros, balados, dispositivos de vixilancia, atraccións para o visitante etc.).

Restauración e recuperación

Artigo 15. Ningún traballo de restauración e, sobre todo, de recuperación dun xardín histórico deberá abordarse sen realizar previamente unha ampla investigación que inclúa todos os testimonios procedentes da excavación e a recopilación de todos os datos relativos ao xardín en cuestión e a outros similares, a fin de asegurar que dito traballo se realiza con total garantía científica. Antes de iniciar a execución das obras, debe prepararse un proxecto baseado na antedita

investigación, o cal será sometido a consideración dun grupo de expertos para o seu examen e aprobación conxunta.

Artigo 16. A obra de restauración debe respetar os sucesivos estadios da evolución experimentada polo xardín en cuestión. En principio, non debe concederse maior relevancia ou prioridade a un período en detrimento dos demais, a non ser en casos excepcionais nos que o estado de degradación ou destrución que afecte a certas partes do xardín sexa de tal envergadura que aconselle a súa recuperación, a cal debe basearse nos vestixios que subsistan ou nunha evidencia documental irrefutable. Tal reposición pode resultar máis xustificada nas partes do xardín máis próximas ao edificio principal para poñer de relevo o seu significado no conxunto do deseño.

Artigo 17. Cando un xardín teña desaparecido totalmente ou só queden vestixios que sirvan para facer conxecturas sobre os seus sucesivos estadios, non ha lugar a emprender unha reconstrución que en modo algún sería unha intervención nun xardín histórico.

Nestas circunstancias, unha obra que se inspirase en formas tradicionais, realizada sobre o solar dun antigo xardín, ou nun espazo donde nunca existió

outro, respondería simplemente ao campo da evocación ou da creación orixinal, e non se lle podería aplicar, en ningún caso, o calificativo de xardín histórico.

Utilización

Artigo 18. Si ben todo xardín histórico está destinado a ser visto e percorrido, o seu acceso debe ser restrinxido en función da súa extensión e a súa fragilidade, de forma que se preserven a súa integridade física e o seu menxaxe cultural.

Artigo 19. Pola súa natureza e vocación, o xardín histórico é un lugar apacible que favorece o contacto humano, o silencio e a escoita da natureza. Esta concepción do seu uso cotián ten o seu contrapunto na utilización excepcional do xardín histórico como lugar de festa. Convén definir as condicións para o uso extraordinario dos xardíns históricos de tal maneira que a excepcional celebración dunha festa contribúa a realzar o espectáculo do xardín, e non a desnaturalizalo ou degradalo.

Artículo 20. Si na vida cotián os xardíns poden acomodarse á práctica dos xogos tranquilos, convén crear, en zonas contiguas aos xardíns históricos, terreos axeitados aos xogos axitados e violentos e aos deportes, de tal

maneira que se dé resposta a esta demanda social sin que perxudique á conservación dos xardíns e sitios históricos.

Artigo 21. Os traballos de mantemento ou de conservación cuxo calendario ven imposto polas estacións, ou as pequenas operacións que contribúen a restituír a autenticidade, deben ter sempre prioridade sobre as servidumes de utilización. A organización de toda visita a un xardín histórico debe estar sometida a regras que garantan a preservación do espírito do lugar.

Artículo 22. Cando un xardín está pechado por muros, non deben suprimirse sin considerar previamente todas as consecuencias perxudiciais que poderían producirse en canto a modificación do ambiente e a protección de dito xardín.

Protección legal e administrativa

Artigo 23. Corresponde ás autoridades responsables tomar, co asesoramento de expertos competentes, as disposicións legais e administrativas axeitadas para identificar, inventariar e protexer os xardíns históricos.

A súa protección debe integrarse nos plans de utilización do solo e nos

documentos de ordenación e planificación do territorio. Corresponde igualmente ás autoridades responsables tomar, co asesoramento de expertos competentes, as disposicións económicas tendentes a favorecer o mantemento, a conservación, a restauración e, cando sexa necesaria, a recuperación dos xardíns históricos.

Artigo 24. O xardín histórico é un dos elementos do patrimonio cuxa supervivencia, en razón da súa natureza, esixe maiores coidados contínuos por medio de persoas cualificadas. Conven que unha ensinanza apropiada asegure a formación destas persoas, xa se trate de historiadores, arquitectos, paisaxistas, xardiñeiros ou botánicos.

Debe velarse para asegurar tamén a produción regular dos vexetais incluídos na composición dos xardíns históricos.

Artigo 25. A interese polos xardíns históricos deberá ser estimulado por todo tipo de actuacións capaces de revalorizar este patrimonio e facelo coñecer e apreciar mellor: promoción da investigación científica, intercambio internacional e difusión da información, publicacións e traballos de divulgación, estímulo do acceso controlado do público, sensibilización a través dos medios de comunicación

en canto á necesidade de respeitar a natureza e o patrimonio histórico. Os máis sobresaintes xardíns históricos serán propostos para figurar na Lista do Patrimonio Mundial.

Nota breve

Estas son as recomendacións aplicables ao conxunto de xardíns históricos do mundo.

Esta Carta poderá ser completada posteriormente con cláusulas adicionais aplicables a tipos específicos de xardíns, incluíndo unha sucinta descripción de ditos tipos.